

Reclamante: [REDACTED]  
Expediente **RSCTG 0118/2017**  
Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 23 de novembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 23 de novembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Cedeira.

O reclamante indicaba que o concello evadía a lei de transparencia datos que teñen que constar no rexistro do concello, ao non facilitar a data da rescisión do contrato, porque entendo que para facer unha liquidación dun contrato tivo que haber unha rescisión do mesmo.

O escrito viña acompañado dunha solicitude presentada o 3 de outubro de 2017 no rexistro do Concello de Cedeira no que se dicía que ante o encargo por parte do Concello de Cedeira e particulares de traballos a [REDACTED] fai constar que cando menos un dos traballos particulares contradí a documentación existente no concello redactada pola sociedade para a súa aprobación inicial e aumenta a edificabilidade de xeito desproporcionado cando non se cumpriu nin o 50% da utilización do chan urbano. Solicitando que se segue sendo o redactor da revisión do plan xeral, debería estar incompatibilizado para a redacción de proxectos no concello.

A solicitude versa sobre cinco puntos:

1. Se a empresa [REDACTED] segue sendo a redactora do plan xeral do concello.
2. No caso de que non o sexa, data na que o concello tomou a decisión da rescisión contractual e o organismo que a tomou.
3. Se foi a empresa a que solicitou ao concello a rescisión contractual, data e o nº de rexistro de entrada no concello da solicitude.
4. Se por algunha das partes se vulneraron as condicións da adxudicación de ditos traballos.
5. Proceso que ten que seguir o concello se [REDACTED] xa non é o redactor, en concreto, se iso supón que para facer unha nova revisión do plan haberá que iniciar outro proceso de contratación, que non tería porque recaer no mesmo equipo e por tanto perdeuse todo o abonado ou se lle volve adxudicar a dita empresa a dedo e así queda todo xustificado.

O reclamante achegaba a resolución da Alcaldía de 3 de novembro de 2017. Deste documento cómpre destacar que o asunto era *“unha serie de cuestións relativas ao expediente de redacción do Plan Xeral e en concreto relativas a súa rescisión contractual”* Seguidamente, considerando o previsto no artigo 18.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro procédese a inadmitir a solicitude porque se refire a información en curso de elaboración ou de publicación xeral *“ dado que a liquidación do contrato de consultaría e asistencia técnica para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cedeira se atopa en tramitación”*

Igualmente se achega unha consulta realizada polo particular nun foro no que se da o parecer dun asesor en relación a incompatibilidade dun equipo redactor dun plan xeral para facer traballos ao concello e a particulares dentro dese concello, cunha resposta moi xenérica e que non achega información para o expediente.

**Segundo.** Con data 4 de decembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Cedeira para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 7 de decembro de 2017.

**Terceiro.** Con data 14 de decembro de 2017 se recibiu o informe do Concello de Cedeira e o expediente instruído durante a rescisión do contrato.

O informe, indicou que a Comisión lle remitira dous escritos o 28 de novembro e o 7 de decembro de 2017 e que daba traslado *“ de copia completa e ordenada do expediente tramitado ata o día de hoxe en relación á liquidación do contrato de consultaría e asistencia técnica para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cedeira formalizado entre [REDACTED] e o Concello de Cedeira o 26.06.2008”*.

O informe indica que nos cinco puntos solicitados polo reclamante a resposta debe ser canalizada *“mediante o acceso ó expediente de liquidación do contrato de consultaría e*

*asistencia técnica para a redacción do Plan Xeral de ordenación Municipal de Cedeira, xa que unha resposta á solicitude presentada polo interesado nos termos exactamente plantexados implicaría para a Administración municipal unha necesaria acción previa de reelaboración, o cal, conforme ao artigo 18.1 c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, constituiría unha causa de inadmisión a trámite da solicitude mediante resolución motivada". Seguidamente xustifica a aplicación do artigo 18.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, dado que a liquidación do contrato de consultaría e asistencia técnica citado se atopa en tramitación, e que a xustificación sexa breve non implica per se que a mesma non sexa válida, e que igualmente se lle indica que se lle facilitará ao solicitante a información solicitada de xeito que "unha vez que conclúa a tramitación do expediente de liquidación do contrato se lle citará para a consulta do expediente completo nas dependencias municipais".*

O informe tamén indica que "non é posible determinar a data de finalización do expediente en tanto que a efectiva liquidación depende, entre outras cuestións, da efectiva existencia de crédito e conseguinte dispoñibilidade orzamentaria toda vez que a retención de crédito que constaba efectuada na data 13.9. 16 foi anulada mediante providencia de Alcaldía de data 25.11.16".

O informe indica que que non nos atopamos no suposto da disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Que a denegación da información "Non foi debido á protección de dereitos ou intereses de terceiros, senón por tratarse de información que se atopa en curso de elaboración, circunstancia que aparece claramente recollida de xeito expreso na Resolución de Alcaldía nº 491/2017 do 3 de novembro"

Finalmente se indica que "non estamos ante un expediente de rescisión ou resolución do contrato, senón ante un expediente de liquidación, segundo o indicado polo Consello Consultivo de Galicia en ditame do 17/02/2016, con entrada no rexistro do Concello o 22.02.2016, en relación a expediente análogo, cuestión que aparece debidamente reflectida nos informes emitidos no expediente cuxa copia completa e ordenada se remite xunto coa presenta a esa institución."

**Cuarto.** Con data de 8 de febreiro de 2018 detéctase que se trata da mesma petición tramitada no recurso RSCTG 105/2017, polo que procede inadmitila por reiterativa.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda

resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013 e pola Lei 1/2016, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016 establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta lei 19/2013 sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Prazos de interposición do recurso**

O artigo 24.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que a reclamación se interporá no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado o desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

### **Cuarto. Análise do expediente**

O reclamante presentou dous escritos de reclamación ante unha única petición de acceso á información pública dirixida ao Concello de Cedeira o día 3 de outubro de 2017. As datas de entrada no Valedor do Pobo son de 17 e 23 de novembro de 2017 O primeiro escrito deu lugar a apertura do expediente RSCTG 105/2017 e o segundo a este expediente RSCTG 118/2017, ámbolos dous expedientes foron iniciados . Por diversas circunstancias non se detectou que

se estaba ante unha petición repetitiva ata o estudo do expediente RSCTG 118/2017 único expediente ao que se vinculou o informe do Concello de 14 de decembro de 2017 no que xa se indicaba que ambos expedientes correspondían a unha única solicitude.

O expediente RSCTG 105/2017 motivou o dereito de acceso do particular, sen ter en conta este informe, informe que en todo caso non afecta ao fondo do dereito.

O artigo 18.1.e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que será causa de inadmisión aquelas que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificadas coa finalidade de transparencia desta lei.

Tal como recolle o Criterio 3/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno para inadmitir unha petición de acceso á información pública por existir unha petición repetitiva a segunda petición tería que coincidir con outra ou outras presentadas anteriormente polo mesmo ou mesmos solicitantes e que fose rexeitada e a resposta adquirise firmeza. Ou que, xa se lle tivese ofrecido a información e non houbera modificación real ou legal dos datos ofrecidos no seu momento, tamén se o solicitante coñecera de antemán o sentido da resolución por térenselle comunicado nun procedemento anterior polo órgano informante, ou coincida con outra ou outras dirixidas ao mesmo órgano en períodos de tempo inferiores aos prazos de tramitación legalmente previstos, de tal forma que as solicitudes presentadas previamente non tiveran rematado a súa tramitación. Igualmente sería manifestamente repetitiva se se tratara de un asunto de resposta imposible, ben polo contido ou por razóns de competencia e así se lle notificase e xustificara ao solicitante da información.

Este criterio remarca que se coincide o texto pero son varios demandantes solicitando unha mesma información é obrigatorio considerar cada peticionario individualmente. Se a petición é colectiva e algún deles anteriormente xa presentara a solicitude, a inadmisión solo procedería respecto desa persoa, continuando a tramitación respecto do resto.

A solicitude presentada no concello de Cedeira é unha, aínda que ante a Comisión da Transparencia se presentaron dúas reclamacións en datas diferentes non se detectou que se trataba dunha única resolución ata que o informe do Concello indicou que a Comisión xa lle remitira outro escrito polos mesmos feitos e que se trataba do RSCTG 105/2017.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

## **ACORDA**

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

**Único.** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data de 27 de outubro de 2017, contra a resolución de inadmisión do Concello de Cedeira, por tratarse da mesma solicitude xa revisada no expediente RSCTG 105/2017.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 28 de febreiro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga